

PROGRAMACIÓN

Educación Plástica , Visual e
Audiovisual

C.P.I DE PLURILINGÜE VEDRA

CURSO 2022/2023

Materia de 4ºESO

Alumnado coa materia Pendente

XEFA DE DEPARTAMENTO: RAFAELA GÓMEZ-CASERO HERRERA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	p3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	p4
3. OBXECTIVOS.....	p5
4. CONTIDOS E STÁNDARES.....	p7
5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS	p17
6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	p20
7. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	p21
8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	p21
9. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	p23
10. PROCEDEMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN FINAL EN ALUMNOS QUE ASISTEN A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA.....	p26
11. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES.....	p31
12. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	p31
13. ACCIÓN E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	p31
14. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	p32
15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	p32
16. ATIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	p33
17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	p33
18. INDICADORES DE LOGROS.....	p35
19. RELACIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA COAS DIRECTRICES DA CCP.....	p35

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

Xustificación teórica

A Educación, tal e como se entende na actualidade, pretende o desenvolvemento de individuos autosuficientes e con identidade propia, sempre e cando estes dous últimos aspectos non estén disputados co respecto cara aos demais e co ben común. En relación con este enfoque pedagóxico, a Plástica amósase como o mecanismo perfecto para potenciar esa " busca da identidade ". Ademais do anterior, a importancia dunha materia basicamente creativa é esencial para o resto dos campos do coñecemento, e é que: "Detrás dun bo enxeñeiro ou un bo matemático hai unha persoa con imaxinación ".

Contextualización

Centro no que se imparte a materia:

CPI DE VEDRA (Centro Plurilingüe de Vedra)

Avenida Mestre Manuel Gómez S/N, C.P 15700, Vedra, A Coruña

Composición do Departamento:

Rafaela Gómez-Casero Herrera, Xefe de Seminario e membro unipersoal

Lexislación aplicable:

Esta programación elabórase de acordo co establecido no artigo 9 da Orde do 24 de Maio do 2013, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/19, o os que os os centro docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 23 e 27 do Decreto 7/1999, do 7 de Xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99).

Distribución del alumnado

4ºESO 29 ALUMNOS/AS

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:

O carácter integrador da materia de Educación plástica e visual, fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das sete competencias claves:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

Conciencia y expresiones culturales.

A Educación plástica e visual contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural. Nesta etapa ponse a énfase en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e dende o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra parte, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e ése capaz de expresarse a través da imaxe.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Colabora en boa medida na adquisición de autonomía e iniciativa persoal dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto e por iso en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En resumo, sitúa ó alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo este proceso, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación, e a autocrítica fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Competencias sociales y cívicas.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadá. Naquela medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promoveranse actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribuírase á adquisición de habilidades sociais. Por outra parte, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas.

Competencia para aprender a aprender

Á competencia para aprender a aprender contribúese na medida que se favoreza a reflexión sobre os procesos e experimentación creativa, xa que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Competencia dixital

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao ámbito audiovisual e multimedia expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da competencia en tratamento da información e en particular ao mundo da imaxe que a devandita información incorpora. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais dado que á súa vez colabora na mellora da competencia dixital.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Por último, aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da área, así como afondar no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e

a representación obxectiva das formas. As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquiera competencia matemática.

Competencia en comunicación lingüística

Toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns e, como tal, a Educación plástica e visual permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e con iso enriquecer a comunicación.

3. OBXECTIVOS

Obxectivos xerais de etapa

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- . Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- . Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- . Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- . Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- . Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- . Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- . Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- . Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- . Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- . Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- . Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- . Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Obxectivos da área

O ensino da Educación plástica e visual nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- . Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do ámbito natural e cultural, sendo sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais.
 - . Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e valorando os seus contidos; entendelos como parte da diversidade cultural, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora.
 - . Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.
 - . Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica e visual e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.
 - . Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
 - . Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as Tecnoloxías da Información e a comunicación para aplicalas nas propias creacións.
- . Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das calidades das superficies e o detalle de xeito que sexan eficaces para a comunicación.
- . Planificar e reflexionar, de forma individual e grupal, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado da súa consecución.
- . Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

Obxectivos específicos en 1º eso

- . Comprender os elementos básicos que interveñen no proceso de comunicación visual: Emisor, receptor, mensaxe, campo artístico.
- . Coñecer, identificar e utilizar os elementos visuais básicos para expresarse: punto, liña, plano, cor e textura.
- . Aplicar os fundamentos do debuxo técnico no trazado de formas planas sinxelas: Coñecer a escuadra e cartabón e empregalos no trazado de paralelas, perpendiculares e construción de ángulos; saber manexar o compás; saber dividir segmentos e ángulos; saber trazar polígonos de ata 8 lados, triángulos e cuadriláteros.
- . Ampliar os coñecementos e o vocabulario relativos aos instrumentos e trazados técnicos, e a técnicas plásticas de cor e texturas, controlando algúns conceptos clave propostos na materia
- . Relacionar os coñecementos aprendidos con contidos doutras áreas.
- . Coñecer diferentes técnicas e soportes plásticos e experimentar coa súa aplicación práctica.

Obxectivos específicos en 3º eso

- . Valorar e interpretar as diferentes linguaxes visuais que se producen actualmente, adoptando unha actitude analítica e con capacidade crítica ante eles.
- . Saber manexar o punto, a liña, o plano, a cor e a textura (conceptos que definen a forma) co fin de expresarse con liberdade, en dous ou en tres dimensións.
- . Apreciar as posibilidades expresivas que ofrece a utilización consciente da cor.
- . Valorar o estudo da natureza e as súas leis como fonte de coñecemento plástico.
- . Proxectar e organizar un proceso creativo, individualmente ou en grupo, analizando cada unha das fases e materiais necesarios da realización e avaliando o resultado final.
- . Recoñecer construcións xeométricas no ámbito e analizar o seu trazado cos coñecementos necesarios para reproducilos.

- . Utilizar correctamente os sistemas de representación (Sistema Diédrico, Perspectiva. Isométrica, Perspectiva Cónica) para describir formas tridimensionais.
- . Manexar os conceptos básicos de xeometría propostos no curso de 1ºEso.
- . Coñecer diferentes técnicas e soportes plásticos e experimentar coa súa aplicación práctica.
- . Coñecer e aplicar coñecementos elementais acerca de planos e puntos de vista , en fotografía e cine.

Obxectivos específicos en 4º eso

- . Saber manexar o punto, a liña, o plano, a cor e a textura (conceptos que definen a forma) co fin de expresarse con liberdade, en dous ou en tres dimensións.
- . Desenvolver técnicas elementais de encaixe.
- . Comprender e conectar os conceptos de canon, proporción e escala.
- . Tomar contacto cos distintos estilos artísticos ao longo da historia.
- . Afondar a través da creación artística e a investigación no coñecemento da arte do noso século e de grandes figuras históricas.
- . Comprender a importancia da idea de "proxecto", tanto no traballo de grupo como individual.
- . Afondar en criterios de composición, e na Teoría da Percepción Visual.
- . Aplicar os contidos de xeometría plana aprendidos en cursos anteriores
- . Manexar os conceptos básicos de xeometría , plana e descriptiva, propostos nos cursos anteriores.
- . Coñecer diferentes técnicas e soportes plásticos e experimentar coa súa aplicación práctica.
- . Coñecer e aplicar coñecementos elementais acerca de planos e puntos de vista , en fotografía e cine.

4. CONTIDOS (CONCEPTUAIS E ACTIDUDINAIS) E STÁNDARES PARA 4º ESO:

Os contidos de 4º Eso desenvólvense en 7 UNIDADES DIDÁTICAS:

.Primeira avaliación:

- U1. Geometría plana. (Repaso)
- U2. Sistemas de representación (nivel 2)
- U3. Tanxencias e enlaces (Nivel 2)

.Segunda avaliación:

- U4. Debuxo do natural (nivel 2)

.Terceira avaliación:

- U5. Leis da composición
- U6. A cor
- U7. O deseño

Avaliación 1

U4. O debuxo do natural

.Aprender a observar a realidade

.Revisión dos conceptos de punto, línea e plano

.Encaixe de estatua por triangulación

.Análisis das proporcions

.Valoración tonal

.Temporalización: 39 sesións

.Procedementos:

Debuxo con carboncillo de estatuas, en formato de 50 por 70 cm, sobre caballete.

. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.

. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia

. Tanxencias e enlaces.

.Temporalización: 39 sesións

.Procedementos:

Ejercicios de dibujo en formato A4

Dibujo de estatua en caballete

Avaliación 2

U1. Geometría plana. Repaso

Repaso dos contidos de cursos anteriores (trazado de paralelas y perpendiculares, trazado de polígonos, tanxencias básicas...)

.Temporalización: 2 sesións

.Procedementos:

Apuntes de clase

U2. Sistemas de representación (repaso e breve ampliación)

- . Sistema diédrico: punto, recta y plano (nivel elemental)
- . Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas.
- . Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.
- . Perspectiva cabaleira y perspectiva isométrica (nivel 2)
- . Perspectiva cónica central e oblícuca.
- . Rotulaxe. Escalas.

.Temporalización: 22 sesións

.Procedementos:

Láminas de debuxo técnico

U3: Tanxencias e enlaces

- .Tanxencias entre circunferencias (nivel 2)
- .Tanxencias entre rectas e circunferencias (nivel 2)
- .Enlaces: enlace de puntos aleatorios con curva armónicas; enlaces entre circunferencias y rectas (casos varios)
- .Curvas técnicas: óvalo, ovoide, espiral

.Temporalización: 22 sesións

.Procedementos:

Realización de láminas

Avaliación 3

.U6. Leis da composición

.U7. A cor

.U8. O deseño

Propónse, no presente curso, a fusión das 3 unidades do Terceiro Trimestre nun mesmo proxecto pedagóxico:

A Bauhaus: A orixe do noso deseño

. Introducción: Coñecemento dos distintos tipos de deseño: de obxectos, publicitario, de logotipos, de ropa, de muebles (unidade 8)

. A Bauhaus: Características xerais

. Conceptos asociados a psicoloxía da cor na Bauhaus (unidade 7)

. Conceptos asociados á composición (unidade 6)

. O deseño en 3D:

Acercamento as escalas

Concepto de “hergonomía”. O deseño de interiorismo, adecuado “á persoa”

A Divina proporción

. **Temporalización:** 38 sesiónes

. **Procedementos:**

. Coñecemento dos *Movements de Vanguardia (siglo XX)* en xeral, e desenvolvemento dun deles: a Bauhaus, mediante a visualización de vídeos

. Creación dunha maqueta de vivenda en miniatura, desplegando técnicas creativas variadas

. Investigación e a experimentación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación.

. Creación dun *documental colectivo, na linguaxe multimedia*, de cómo se fixeron os traballos de clase.

CONTIDOS: ACTITUDINALES

Primeiro da Eso

. Toma de conciencia sobre os problemas de integración que sufren persoas e colectivos debido a diferenzas que se perciben coa vista.

. Gusto polo desenvolvemento da atención na observación do ámbito visual e plástico.

. Recoñecemento da propia capacidade para expresarse.

. Valoración de carácter técnico do debuxo como medio de construción e descrición obxectiva de formas.

. Valoración da eficacia das formas naturais.

. Interese pola utilización exacta e coidada do material de precisión nos trazados xeométricos.

- . Apreciación das posibilidades compositivas e expresivas de triángulos e cuadriláteros.
- . Interese por descubrir as diferentes relacións entre formas no ámbito.
- . Curiosidade polas posibilidades de representación de formas tridimensionais en soportes bidimensionais.
- . Coidado do ámbito e apreciación deste como mostra de obras artísticas.
- . Respecto cara ás diferentes formas de expresión artística.
- . Esfuerzo por superar as dificultades expresivas e de comunicación visual

Terceiro e cuarto da Eso

- . Participación nos debates formulados acerca da imaxe visual.
- . Inquedanza ante os diferentes movementos artísticos e a imaxe nos medios de comunicación.
- . Interese por coñecer os elementos básicos constitutivos da sintaxe visual.
- . Valoración do proceso creativo dos diferentes tipos de imaxes.
- . Gusto pola precisión, exactitude e limpeza na elaboración de traballos e conservación dos instrumentos de precisión.
- . Valoración da cor no ámbito e nas creacións humanas.
- . Curiosidade e interese por coñecer obras pictóricas e dibuxísticas nas que se utilizasen composicións modulares.
- . Apreciación das leis compositivas en produtos de deseño e na imaxe publicitaria.
- . Implicación nas actividades en grupo.
- . Atención ás normas propias de cada linguaxe técnica.
- . Apreciación da importancia do coñecemento da sintaxe dos sistemas de representación.
- . Valoración e respecto cara ás obras propias e alleas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: UNIDADES DIDÁCTICAS, TEMPORALIZACIÓN E COMPETENCIAS ASOCIADAS

Preséntase a continuación os **estándares propostos por la lomce por cursos e por bloques de contidos**, a súa localización nas **unidades didácticas da presente programación**, e a súa relación cas **competencias básicas**.

• Estándares para 4ºEso

Temporalización das unidades didácticas

Os contidos de 3º Eso desenvólvense en 7 UNIDADES DIDÁCTICAS:

.Primeira avaliación:

U1. Geometría plana. (Repaso)

U2. Sistemas de representación (nivel 2)

U3: Tanxencias e Enlaces

.Segunda avaliación:

U4. Debuxo do natural (nivel 2)

.Terceira avaliación:

U5. Leis da composición

U6. A cor

U7. O deseño

Stándares- 4º Eso: Unidades didácticas e Competencias básicas asociadas

Bloque 1. Expresión plástica

Grupo de stándares presentes nas Unidades 5, 6, 7: Leis da composición, A cor e o Deseño

EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.

CCEC

EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.

CCEC

EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.

CCEC

EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.

CCEC

EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.

CCEC CSIEE

EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.

CCEC CSIEE CAA CD

EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.

CSIEE CCEC

EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.

CSIEE CCEC

EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

CSIEE CCEC

Bloque 2. Debuxo técnico

Grupo de estándares presentes nas Unidades 1 e 2: Xeometría Plana e Sistemas de Representación.

Todos os estándares de este bloque conectan cas competencias:

CAA CMCCT

EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.

EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.

EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.

EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.

EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.

EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.

EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.

EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.

EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

Grupo de estándares presentes nas unidades 5, 6 e 7: Leis da composición, A cor, O deseño

EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.

CSIEE CCEC

EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.

CSIEE CCEC

EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.

CSIEE CCEC

EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.

CSIEE CCEC

EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.

CSIEE CCEC

EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.

CSIEE CCEC

EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

CD CSIEE CCEC

EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

CSIEE CCEC

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

Grupo de estándares presentes nas unidades 5, 6 e 7: Leis da composición, A cor, O deseño,

Concrétanse sobre todo na parte procedimental que versa na realización dun *vídeo didáctico* sobre cómo se fixo o traballo de clase DA MAQUETA (unidades 5, 6 e 7)

EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.

CD CSIEE CCEC

EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.

CSIEE

EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.

CD CSIEE CCEC

EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.

CD CSIEE CCEC

EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.

CD CSIEE CCEC

EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.

CD CSIEE CCEC

PVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica

CD CSIEE CCEC

EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

CD CSIEE CCEC CCEC

EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

CD CSIEE CCEC

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES PARA SUPERAR A MATERIA

4ºEso

Bloque 1. Expresión plástica

- Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.
- Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos.
- Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.
- Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.
- Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.
- Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos.
- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado.

- Entende o proceso de creación artística de proxectos persoais e de grupo.
- Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística.

Bloque 2. Debuxo técnico

- Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.
- Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.
- Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.
- Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.
- Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.
- Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.
- Debuxa perspectivas de formas tridimensionais sinxelas, en Cabaleira e Isométrica
- Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.
- Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

- Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.
- Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
- Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.
- Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.
- Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

- Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.
- Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.
- Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.
- Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.
- Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.
- Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.
- Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA: EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Nota: Os criterios de avaliación que se expoñen a continuación formuláronse "como preguntas" que deben ser contestadas de forma sinxela (Do 1 ao 10), posibilitando a posterior realización dunha TÁBOA, para que cada alumno que axude a valorar as súas competencias de xeito organizado e claro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA EN RELACIÓN COA COMPETENCIA PROPIA DA MATERIA

Criterios xenéricos, aplicables a calquera curso

Adicación propia ao ámbito artístico:

- . Exprésase artisticamente con normalidade, fóra do ámbito escolar?
- . Exprésase artisticamente con normalidade, noutras materias?
- Realización dos traballos propios da materia:
 - . Están "ben realizados", é dicir, con rigor, limpeza e esmero? (sempre e cando as necesidades "de contido" do propio traballo valorado non estén disputadas con estes parámetros)
 - . O trazado dun proxecto é correcto ao longo de todo o proceso?
 - . Á hora de valorar libremente que técnicas utilizar en función dun tema, adoitan ser as axeitadas?
 - . En canto á utilización dos elementos visuais da forma (emprego do punto, liña e plano; emprego da cor e textura; composición e formato...), adoitan ser os axeitados?
 - . Sobre a idea ou contido do traballo realizado: Resulta interesante? É ou non suxestivo?
 - . Existe coherencia nas producións artísticas entre o que se pretende comunicar e o que o receptor pode chegar a captar?
 - . Os traballos son orixinais?

Capacidade de análise:

- . Mostra interese por observar, entender e valorar obras de arte pertencentes a estilos e momentos variados da historia da arte?
- . Manexa datos e conceptos (proprios da súa idade) á hora de analizar unha obra?
- . Os xuízos emitidos xeran interese e están ben construídos?

Versatilidade:

- . A capacidade expresiva é "variada" en técnica, estilo e campo artístico (escultura, pintura, debuxo, medios dixitais...)?
- . A análise e valoración doutros traballos faise baixo o criterio dá a "variedade" en técnicas, estilos e campos artísticos (escultura, pintura, debuxo, medios dixitais...)?

Cráterios por cursos:

Cráterios para cuarto da Eso

Bloque 1. Expresión plástica

B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.

B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.

B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización

B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.

B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

Bloque 2. Debuxo técnico

B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.

B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.

B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.

B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.

B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha

mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.

B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades

B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.

B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS "NON DIRECTAMENTE VINCULADAS Á MATERIA"

Competencia: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Formulación de xuízos:

- . Mostra interese por emitir xuízos e por expoñer ideas?
- . Déixase influenciar con facilidade por persoas do ámbito nos xuízos e ideas emitidos?
- . Déixase influenciar con facilidade pola información mediática nos xuízos e ideas emitidos?

Desenvolvemento da personalidade:

- . Manifesta a necesidade de buscar a súa propia identidade?
- . Necesita identificarse con tendencias, movementos...?
- . Amosa unha tendencia crítica con respecto ao mundo no que vive?

Resolución de problema:

- . Busca a axuda de terceiros para resolver problemas?
- . Actúa por conta propia á hora de resolver cuestións, sen antes contar cunha aprobación?

Iniciativas:

- . Actúa por conta propia e individualmente?
- . Propón plans de actuación a terceiros?

Competencias sociais e cívicas

- . Desenvolve habilidades sociais tales como a tolerancia, respecto, colaboración e flexibilidade?
- . Implícase en cuestións de carácter universal, xeralmente relacionadas con temas transversais (dereitos humanos, liberdades cívicas, consciencia ecolóxica).

Competencia " aprender a aprender"

- . Amosa interese por aprender?
- . Manexa técnicas de estudo diversas?
- . Amosa habilidade á hora de buscar información e de extraer dela o necesario

Competencia dixital

- . Sinte interese por expresarse con medios dixitais?

- . Os traballos propios da materia realizados con medios dixitais son correctos na súa execución?
- . Sabe analizar mensaxes do ámbito audiovisual e multimedia?

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

- . Avisa a sensibilidade á hora de copiar do natural proporcións matemáticas, utilizando conceptos xeométricos de encaixe?
- . Sabe entender e representar pezas tridimensionais básicas en distintos sistemas de representación?
- . Entende e realiza operacións xeométricas planas, coa posterior utilización dos devanditos recursos de forma creativa, ou para resolver problemas de distinta índole?

Competencia lingüística

- . Avisa a facilidade para expresarse oralmente e por escrito de forma correcta?
- . Comprende ou utiliza idiomas alternativos á hora de levar a cabo unha investigación ou de á hora de expresarse?
- . Sabe utilizar o texto como complemento da expresión plástica?
- . Le textos propios da materia?
- . Manexa o vocabulario propio da área con corrección?
- . Utiliza todo tipo de textos procedentes dos medios de comunicación como fontes inesgotables de información.

Notas :

- . O epígrafe relativo á competencia artística desenvólvese con máis matices por ser a competencia propia da materia. / Todos os indicadores propostos pódense cualificar do 1 ao 10, elaborando unha táboa "tipo" que poda facilitar unha valoración máis obxectiva e organizada das competencias de cada alumno na materia de Educación plástica e visual.

6. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A continuación enumeramos algúns dos procedementos e instrumentos que se utilizan na área de plástica para avaliar o proceso de aprendizaxe:

Observación directa do traballo na aula, laboratorio ou talleres

Revisión dos cadernos de clase

Rexistro anecdótico persoal para cada un dos alumnos.

Analizar as producións dos alumnos

Caderno de clase

Traballos artísticos

Resumos

Actividades en clase (problemas, exercicios, respostas a preguntas, etc.).

Producións escritas

Traballos monográficos

Memorias de investigación

Avaliar as exposicións orais dos alumnos

Debates

Postas en común

Diálogos

Entrevista Exposición dun tema, en grupo ou individualmente **Realizar probas** Probas teóricas escritas e probas prácticas de debuxo técnico **Autoavaliación e Coavaliación**

7. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Realizaráse unha proba teórico-práctica que constará de 3 partes:

.Preguntas teóricas relacionadas cos contidos da área que os alumnos deben manexar para o correcto funcionamento do curso que se inicia. Estes contidos deben basearse naqueles que se impartiron en cursos anteriores, e nalgúns contidos do curso que van comezar.

. Análise e comentarios dunha obra de arte.

. Realización dunha proba artística.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

4º ESO / CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DURANTE EL CURSO ACADÉMICO

.Traballos prácticos:

Para cualificar os traballos prácticos, teráse en conta todo o proceso de realización destes últimos.

En cada avaliación, a nota media dos traballos será a de todos os traballos realizados ata ese momento dende o principio da avaliación, tendo o alumno a posibilidade de repetir, corrixir ou realizar aquilo que desexe, unha vez devolto coa súa nota correspondente.

Os traballos entregados fóra de prazo terán unha penalización do 50% da súa nota.

Os traballos non realizados ou suspensos nunha mesma avaliación poderán ser entregados despois, en calquera momento do curso escolar , e pasarán a configurar a nota rectificada da avaliación á que pertenceron, de cara a media final do curso. Isto inclúe setembro.

.Probas teóricas:

En 3º e 4º da iso, só haberá un exame teórico en todo o curso, localizado no primeiro trimestre, coa súa correspondente recuperación (tamén no mesmo trimestre). De non superalo, o alumno/a terá outras dúas recuperacións (cada unha localizadas respectivamente na 2ª e 3ª avaliación).

Se o alumno/a aproba na recuperación (examen 2) e non no primeiro exame (examen 1), non se valorará da mesma maneira dado que existe unha semana máis de prazo para estudar no caso do segundo intento. Aplicarase, por tanto, un 10 %de redución na nota obtida na recuperación.

Con carácter excepcional, os alumnos/as que ata o momento non tivesen irregularidades (tales como faltas de material, deberes, ou de comportamento), poderán presentarse voluntariamente á recuperación (examen 2) para subir voluntariamente, aínda que xa aprobasen con anterioridade (no exame 1). Neste caso, non se terá en conta a primeira nota, e si a segunda.

.Actitude:

Teráse en conta o seu comportamento, a súa responsabilidade ante os deberes e achega do material necesario para cada clase e o seu grao de participación.

Unha vez calculada a nota media do trimestre (ver cadro presentado a continuación) , na que interveñen normalmente unha parte teórica e outra práctica, deberán aplicarse as seguintes modificacións, por buena o mala actitud (*):

- Quitar o correspondente á suma de todas as " faltas de deberes ", " faltas de material ", e " faltas de orde ", que poden restar " de 0´15 a 0´5 sobre 10 ", e no caso dunha " falta de órden grave ", poden chegar a 1 sobre 10.

- Sumar 0´30, se o alumno/a non tivo ningunha irregularidade en todo o trimestre.

.Baremo:

- **1ª Avaliación e Avaliación Previa a Final:**

Farase a media das cualificacións obtidas no trimestre SÓ NOS TRABALLOS, XA QUE NON HABERÁ EXAME. Cada traballo tendrá a súa proporción.

- **2ª AVALIACIÓN:**

Farase a media aritmética das cualificacións obtidas no trimestre, tendo en conta:

LÁMINAS E TRABALLOS PRÁCTICOS= 50%

EXAME= 50%

Al ser a segunda Avaluación de carácter técnico, o baremo é diferente as demais.

- **Ao anterior engádesse o seguinte, para as tres avaliacións:**

Unha vez calculada a nota media do trimestre, deberán aplicarse as seguintes modificacións:

-Quitar o correspondente á suma de todas as " faltas de deberes ", "faltas de material", e "faltas de orde", que poden restar "de 0'15 a 0'5 sobre 10", e no caso dunha "falta de orden grave", poden chegar a 1 sobre 10.

-Sumar 0'30, se o alumno/a non tivo ningunha irregularidade en todo o trimestre.

AVALIACIÓN FINAL :

Unha vez obtidas as novas cualificacións despois do período de reforzo e recuperación de xuño, farase a MEDIA ARITMÉTICA das cualificacións de cada trimestre. Ditas cualificacións aplicaranse SIN REDONDEO (por exemplo, si unha das cualificacións é de 5'68, non se aplicará o 6 como resultado do redondeo á hora de facer a media aritmética citada)

Aclaración: As cualificacións obtidas na Avaluación "Previa á Final" poden ser diferentes ás da Final.

9. PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Contidos conceptuais

Materia pendiente en 1º da ESO

. A comunicación visual: Análise da imaxe, distinguindo emisor, receptor, mensaxe, e campo artístico ao que pertence (escultura, pintura, debuxo ou arquitectura)

. O punto, a liña e o plano: Posibilidades expresivas destes.

. Que é unha liña

. Tipos de liñas segundo a súa forma, posición e límites

. Manexar criterios de composición

. A liña xeométrica: Ángulos (Tipos), mediatriz, paralelas e perpendiculares

- . Teorema de Tales
- . Texturas
- . A cor
- . O círculo cromático (cores primarias e secundarias)
- . Cores complementarios
- . Ton e saturación
- . Gama cálida e fría
- . Formas xeométricas planas
- . Concepto e tipos de polígonos
- . Construción de polígonos de 3 a 8 lados

Materia pendiente en 3ºESO

- . Sistemas de representación (Diédrico e Perspectivas axonométricas) :

Vistas de sólidos sinxelos

Perspectiva axonométrica

Perspectiva Cabaleira

- . Teoría da Percepción Visual
- . Fotografía, o cine: Planos e puntos de vista

Probas de pendentas, para 1ºe 3º ESO

PRIMERA AVALIACIÓN

Entregaranse **EXERCICIOS DE REFUERZO** aos alumnos/as, centrados na revisión dos contidos do EXAMEN do SEGUNDO TRIMESTRE. Data LÍMITE: 2 DE DECEMBRO

Notas a ter en conta:

-Estes exercicios **pódense entregar antes da data límite**, para revisión, resolución de dúbidas e posible repetición dos mesmos, o que resulta **moi aconsellable**.

-Cando así o desexen, os alumnos poderán recibir **axuda nalgún recreo**, concertado ca profesora. Tamén poderán recibir **orientación os pais interesados, os xoves de 13:00 a 13:50**, concertando cita previa.

-Ningunha cualificación sobre a materia de Pendentes en Plástica aparecerá reflexada ata o segundo trimestre.

SEGUNDA AVALIACIÓN

FECHA DAS PROBAS: 15 de FEBRERO, de 11:00 a 11:50, na aula de Plástica

A) Presentación dos EXERCICIOS DE REFORZO entregados ao alumnado de pendentes no primeiro trimestre.

B) Presentación DA CARPETA, COS TRABAJOS ESPECÍFICOS PARA CADA ALUMNO QUE DEBEN SER RECUPERADOS

C) REALIZACIÓN DUN EXAMEN, COS CONTIDOS MÍNIMOS DA MATERIA.

Notas a ter en conta:

-Cada alumno/a ten a súa situación específica e **pode quedar exento dalgunha das partes por habela superado no curso anterior**; nese caso, manterase a nota obtida xa no seu momento.

-Se o alumno/a supera todo o que lle corresponde nesta proba do 2 de marzo, non necesitaría presentarse ás probas do terceiro trimestre, e a MATERIA DE PLÁSTICA PENDENTE "XA ESTARÍA SUPERADA".

TERCEIRA AVALIACIÓN / FINAL

FECHA DAS PROBAS: 10 de MAIO, de 11:00 a 11:50, na aula de Plástica

Segunda oportunidade para o "non superado no segundo trimestre".

Repetición das partes : **A) B) E C)** (só co que corresponda a cada alumno)

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN PARA A NOTA MEDIA FINAL:

PARTE A: EXERCICIOS DE REFORZO (10%)
PARTE B: NOTA MEDIA DOS TRABALLOS DA CARPETA (50%)
PARTE C: 40% EXAMEN

Será necesario obter como mínimo a cualificación de 5 sobre 10 en B) e C)

CADRO RESUMO/ FECHAS PARA PROBAS DE PENDENTES NA MATERIA DE PLÁSTICA:

- **1ª AVALIACIÓN: NON HAY EXAME. SÍ: ENTREGANSE EJERCICIOS DE REFORZO**

Límite: 2 de DECEMBRO

- **2ª AVALIACIÓN: 15 DE FEBRERO, DE 11:00
11:50, NA AULA DE PLÁSTICA**
- **3ª AVALIACIÓN/FINAL: 10 DE MAIO, DE 11:00
11:50, NA AULA DE PLÁSTICA**

10. PROCEDIMENTOS PARA A CUALIFICACIÓN FINAL EN ALUMNOS QUE ASISTEN A PROGRAMAS DE REFORZO CON ATRIBUCIÓN HORARIA

Todos os alumnos coa materia pendente terán a posibilidade de recibir atención dirixida na aula, coa aportación de exercicios específicos. Estes aspectos desenvólvense no apartado 10: *Plan de traballo para o alumnado coa materia pendente*, onde se desenvolven Contidos, Criterios de avaliación e Probas (datas, tipo de proba, sistema de cualificación)

No apartado 15: Metodoloxía (ver a parte específica para o alumnado coa materia)

11. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado repetidor será obxecto de *seguimento e análise durante a primeira tempada*, determinando a necesidade "ou non" dun programa específico axeitado ás necesidades de cada un. Xeralmente, a propia "repetición de curso" é en si mesma unha medida que permite ao alumno acadar todos os mínimos, se así o desexa.

Se finalmente resulta necesario tomar algún tipo de medida, quedará reflectido de forma axeitada nos informes de departamento.

Consideraránse as seguintes medidas para alumnado repetidor.

- . Medidas de reforzo semellantes ás adoptadas para os alumnos de pendentes
- . Extremar neles a supervisión de traballos na aula, intentando situalos en primeira fila
- . Simplificar ou suprimir os obxectivos acadados no curso anterior, centrando o traballo naqueles non superados. Considérase esta última medida a máis determinante.

12. METODOLOXÍA DIDÁTICA

Aspectos xerais sobre a metodoloxía aplicada no Area de Plástica

A metodoloxía xeral utilizada nesta materia basearase en:

. Fomentar a realización de traballos prácticos:

Intentarase que as clases teóricas sexan reducidas, aínda que de vital importancia. Faise necesario un axuste de contidos teóricos exhaustivo, tanto na selección de conceptos como na temporalización. Inténtase favorecer deste modo o perfil de "alumno artista".

. Desmitificar a idea de que " só uns poucos valen para a expresión plástica ":

Deberá quedar claro que o concepto de arte na actualidade abre as súas portas a todo aquel que o desexe.

.Reducir a achega de fotocopias:

O obxectivo é fomentar a "competencia lingüística" e a "competencia: aprender a aprender", dado que o alumno se verá implicado en maior medida a atender en clase a tomar nota do que se está a explicar.

. Procurar unha metodoloxía aberta e flexible:

Tal e como xa se comentaba para a autoavaliación da programación, é fundamental saber, mediante o diálogo, en que falla " ou non" o método de traballo.

Dar marcha atrás ou modificar sempre é positivo en caso de necesidade.

. Procurar un clima, orde e disciplina, procurando que o propio método sexa un exemplo. Isto implica: ordear a información, utilizar correctamente elementos gráficos de forma pedagóxica á hora de impartir clase (xices de cores para distintos trazos en xeometría, numeración correcta de apartados, carteis presentes en todo momento para visualizar conceptos...), puntualidade, cumprimento de propostas formuladas con anterioridade...

. Fomentar a participación do alumnado:

Este debe de ser consciente de que "dubidar e preguntar" non é vergonzoso, senón todo o contrario; convérteos en alumnos máis atentos e reflexivos.

. *Crear un clima de respecto, dando de novo exemplo:* Tratar con respecto ao alumno resulta fundamental desde un punto de vista ético y pedagógico.

Aspectos específicos da metodoloxía, para alumnos coa materia pendente

Alumnos coa materia de Plástica PENDENTE, que non teñen contacto coa materia por atoparse nun curso no que "non hai plástica como asignatura":

Posto que os alumnos de 2º Eso non teñen Educación Plástica e Visual, nin tampouco os alumnos de 4º Eso que non a elixiron como optativa, faise necesario citalos nalgún recreo predeterminado.

Dado que, por experiencia, a implicación dos alumnos durante os recreos é escasa ou nula, extremarase o control destes, comunicándose directamente coas familias, e coa axuda de: Titores e Xefe de Estudos.

Así mesmo, intentarase obter por escrito a aceptación por parte da familia deste plan de traballo, dándolle un carácter de "obligatoriedade" que doutro xeito non tería. Quedarán informados, non soamente da materia Pendente, senón tamén dos traballos que deben ser presentados, das datas das probas, e dos días nos que serán atendidos para supervisar traballos e resolver dúbidas. En xeral, o traballo realizarase na casa, puidendo considerar a necesidade de traballo na aula (recreos de apoio) se fose necesario.

Alumnos coa materia pendente de Plástica que si teñen a materia de Educación Plástica e Visual durante o presente curso:

Nestes casos, o control da recuperación da materia pendente realizarase dentro da aula.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os intereses dos alumnos, a súa motivación, e mesmo, as súas aptitudes, diferéncianse progresivamente ao longo desta etapa. Cada alumno e alumna posúe unha serie de peculiaridades que o diferencia do resto dos seus compañeiros, polo tanto non todos eles van aprender ao mesmo ritmo, ou van ter as mesmas capacidades e intereses. A educación debe permitir e facilitar desenvolvementos educativos distintos, que se correspondan con eses intereses e aptitudes. O obxectivo último desta opción educativa é conseguir que o alumno ou alumna alcance os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obteña o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Polo tanto, a educación organizarase atendendo á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria.

Entre as medidas propostas contemplaranse as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a oferta de materias optativas, programas de reforzo, e programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Alumnos coa materia pendente de Plástica que si teñen a materia de Educación Plástica e Visual

durante o presente curso:

Nestes casos, o control da recuperación da materia pendente realizarase dentro da aula.

Avaliación da diversidade na aula:

Un dos obxectivos principais para ofrecer un ensino de calidade é coñecer a propia realidade dos alumnos, o seu ámbito e as súas propias capacidades, aspiracións e intereses. Neste apartado do Proxecto Curricular o equipo de profesores do centro reflexionará sobre as características máis relevantes dos seus alumnos, deducindo cales son as súas necesidades formativas e valorará o tipo de atención que vai ofrecer, tendo en conta os recursos humanos e materiais de que dispoñen.

Algunhas das cuestións que se poden ter en conta nesta análise son:

En relación coas características dos alumnos:

Historial académico dos alumnos.

Ámbito social, cultural e familiar.

Os seus intereses e motivacións.

Dificultades máis frecuentes no grupo, alumnos con dificultades específicas.

Aspectos educativos que convirá priorizar.

En relación coa organización dos recursos humanos:

Profesores especialistas dispoñibles.

Horario de adicación.

Outros profesionais, internos ou externos, que podan colaborar.

En relación coa organización dos recursos materiais:

Requisitos mínimos de espazos e instalacións.

Recursos materiais do centro e do ámbito que poden resultar útiles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

Vías específicas de atención á diversidade

Materias optativas

Teñen como finalidade flexibilizar e adaptar o currículo ás diversas necesidades e intereses do alumnado. No conxunto dos tres primeiros cursos os alumnos poderán elixir algunha materia optativa, e no cuarto curso, unha ou máis materias optativas de acordo co marco establecido polas administracións educativas. Con iso preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- . Conectar cos intereses e a motivación dos alumnos, facéndoos partícipes do seu futuro itinerario académico.
- . Favorecer as aprendizaxes globalizadas e funcionais en relación con outros ámbitos.
- . Ampliar a oferta educativa e as posibles vías de orientación.
- . Facilitar a transición á vida activa e adulta.

Adaptación curricular

Trata de adecuar o currículo a un determinado grupo de alumnos ou a un alumno determinado. O grao desas modificacións determinará as características da adaptación, diferenciando entre adaptacións curriculares significativas e adaptacións curriculares non significativas:

. **Son significativas** aquelas que eliminan contidos esenciais, así como obxectivos xerais que se consideran básicos nas diferentes áreas curriculares.

. **Son “non significativas” ou “reforzos”** aqueles cambios que o profesorado introduce no seu ensino para dar resposta á existencia de diferenzas individuais ou dificultades de aprendizaxe transitorias no alumnado. Non eliminan contidos esenciais.

. As adaptacións de acceso ao currículo considéranse non significativas, e son aqueles cambios materiais ou de comunicación que facilitan aos alumnos con necesidades educativas especiais desenvolver o currículo ordinario adaptado.

Niveis de actuación na atención á diversidade

Un suposto fundamental do Ensino Secundario Obrigatorio é atender ás necesidades educativas de todos os alumnos, pero estes alumnos teñen distinta formación, distintos intereses e distintas necesidades. Por iso, a atención á diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria. A atención á diversidade ímola contemplar dende tres niveis: na programación de aula, na metodoloxía e nos materiais.

A programación de aula ha de ter en conta tamén que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao finalizar a etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos.

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse as diferenzas entre os alumnos. A falta de comprensión dun contido pode ser debido, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno, pode ser debido tamén, a que se avanza con demasiada rapidez e non hai tempo adquirir unha mínima comprensión, ou que o interese e a motivación do alumno sexan baixos.

A programación de aula debe ter en conta aqueles contidos nos cales os alumnos conseguen rendementos diferentes. Aínda que a práctica e a utilización de estratexias deben desempeñar un papel importante no traballo de todos os alumnos, o tipo de actividade concreta que se realice e os métodos que se utilicen variarán necesariamente de acordo cos diferentes grupos de alumnos; e o grao de complexidade e a profundidade da comprensión que se alcance non serán iguais en tódolos grupos.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades e facilitar recursos ou

estratexias variados que respondan ás necesidades de cada un, e sobor de todo, daqueles alumnos con necesidades educativas especiais permanentes.

11. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES

Ademais de coidar escrupulosamente o uso da linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan elemento ningún que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, o proxecto formula directamente aqueles temas transversais aos que os contidos desenvolvidos se prestan especialmente.

Educación moral e cívica

Propóñense actividades que favorezan a socialización dos alumnos no seu medio, desenvolvendo atitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio cultural.

Educación para a paz

As características da área favorecen a realización de traballos en grupo nos que é necesaria unha organización do equipo e onde se promove o respecto polas opinións e solucións distintas da propia, así como a utilización de formas e contidos que denoten a non discriminación social, racial ou sexual.

Educación para a igualdade de oportunidades de ámbolos dous sexos

A análise das linguaxes visuais do ámbito, como a publicidade, o deseño e o cine, axuda a adoptar unha actitude crítica ante calquera discriminación que se transmita por estes medios.

Educación ambiental

O carácter procedimental da área favorece a manipulación de diferentes instrumentos e materiais, así como atitudes de reflexión ante as necesidades reais de consumo. Fai énfase no uso de materiais reutilizables, valorando o ámbito como un conxunto de materias expresivas.

12. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O noso centro aínda non rematou a elaboración do PLAN DE CONVIVENCIA, polo que procederemos a incluílo nesta programación en canto esté finalizado.

13. ACCIÓN E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O valor dá lectura é insubstituíble. Sen ela non é posible comprender a información contida nos textos e asimilala de xeito crítico. A lectura estimula a imaxinación e axuda ó desenvolvemento do

pensamento abstracto. Por este motivo dende a materia de Educación Plástica e Visual intentarás que os alumnos comprendan a arte, coñezan a interpretación das obras e saiban cousas sobre os artistas a través da lectura. Ademais na actual sociedade da comunicación, caracterizada pola abundancia de datos, a lectura comprensiva ten un papel clave para converter información en coñecemento.

14. ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Os alumnos poderán gozar da visualización de obras de arte entrando en museos virtuais, vendo proxectadas estas a grande escala. Tamén poderán facer uso dos múltiples programas de deseño existentes na actualidade. Así mesmo, coñecer artistas concretos realizando buscas e catalogación de imaxes dixitais convértese nun labor de grande interese.

Ademais do anterior, ofrécense un sen fín de vídeos de apoio didático, dos cales hai que destacar os vídeos acerca da do Sistema Diédrico.

15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha grande importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto dos alumnos e alumnas. Algunhas das formulacións que deben recoller eses materiais concréntanse a continuación:

. *Presentación de esquemas conceptuais ou visións panorámicas*, coa fin de relacionar os diferentes contidos entre si.

. *Utilización de material funxible* (cartón, pintura, cola, madeira...) achegando polo propio departamento

. *Banco de libros*: Editorial Editex, prestado polo departamento de Plástica, como libro de texto sobre o que se baseará a materia en 1º Eso.

. *Utilización da "lousa e xiz" convencionais*, por petición propia dos alumnos de 1º Eso na materia de Plástica de Vedra. Segundo eles, entenden mellor o desenvolvemento dos debuxos en xeometría plana. Do mesmo modo, considérase que a expresividade da liña do xiz achega máis matices expresivos, con bo uso, que a do encerado dixital.

. *Utilización do canón proxector da aula*

. *Utilización da cámara reflex dixital*

. *Utilización dos ordenadores das aulas Avalar e da sala de informática*: Deste xeito, podemos promover a investigación e o tratamento da imaxe dixital.

. *Informacións complementarias nas marxes* das páxinas correspondentes como aclaración ou

información suplementaria, ben para manter o interese dos alumnos e alumnas máis avantaxados, para insistir sobre determinados aspectos específicos, ou ben para facilitar a comprensión, asimilación ou maior facilidade de apreensión de determinados conceptos.

. *Propostas de diversos tratamentos didáticos*: realización de resumos, esquemas, síntese, redaccións, debates, traballos de simulación, etc., que nos axudan a que os alumnos e alumnas podan captar o coñecemento de diversas formas.

. *Materiais complementarios, que permiten atender á diversidade* en función dos obxectivos que nos queiramos fixar para cada tipo de alumno. Outros materiais deben proporcionar ós alumnos toda unha ampla gama de distintas posibilidades de aprendizaxe.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Visita guiada ao C.G.A.C (fecha aún sin determinar)

17. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A programación dunha materia debe ser revisada e cuestionada a nivel interno durante todo o proceso de aprendizaxe. Os procedementos que seguen a continuación responden, polo tanto, á necesidade de manter un control do traballo realizado "durante todo o proceso":

Avaliación inicial da programación

Readaptaránse aspectos da programación vixente tendo en conta a memoria do fin do curso anterior, na que se ofrece unha simplificación dos informes mensuais e un apartado específico de suxestións acerca de como mellorar a programación do curso seguinte. Nota: Aclárase máis adiante todo o relativo á memoria de fin de curso e ao devandito apartado

Avaliación da programación "durante o curso": Informes mensuais de departamento

Nestes informes trataránse polo menos os seguintes aspectos:

Aspectos relacionados cos obxectivos, contidos e cualificacións

. Contidos impartidos, especificando o número de sesións e datas de inicio. Este apartado permitirá reflexionar "a posteriori" sobre se a temporalización, orde de contidos e selección de contidos e obxectivos foron axeitados.

. Cambios efectuados a nivel práctico durante todo o proceso con respecto á programación vixente

. Resultados obtidos polos alumnos despois de cada reunión de avaliación. Valorarásese

"positivamente" que a porcentaxe de aprobados ao final de cada trimestre sexa como mínimo dun

50% e que as cualificacións obtidas polo alumnado que si supera os obxectivos non sexan demasiado baixas.

Aspectos relacionados co espazo e material

- . Funcionalidade da distribución do espazo e do material
- . Desenvolvemento dos grupos de traballo en relación co espazo que ocupan, material adxudicado e número de alumnos
- . Adecuación do material "non financiado" ás posibilidades do alumnado, é dicir: É acadable economicamente para a maioría? Atópase con relativa facilidade? Hai existencias?

Aspectos relacionados co xeito de impartir clases

- . Cómo se leva a cabo a Comunicación "profesor-alumno"
- Preguntarase de forma directa ao alumnado: se o xeito de expresarse lles parece eficaz (é interesante valorar tanto a linguaxe verbal coma o "non verbal"); Se os medios e metodoloxía lles parecen axeitados; Se os contidos e obxectivos seleccionados na programación lles resultan motivadores
- . Clima e ambiente de traballo: favorece a participación do alumnado á hora de suxerir cuestións, responder preguntas, e sobre todo, formular preguntas?

Nota: Ademais do anterior e sempre en relación coa forma de impartir clase, intentarase manter unha relación persoal "profesor-alumno" que axude no proceso de aprendizaxe e que favoreza a Atención á Diversidade.

Avaliación final da programación: Informe de fin de curso

No devandito informe quedarán recollidas, entre outras cousas:

- . Unha simplificación dos Informes de Departamento Mensuais
 - . Unhas táboas de resultados obtidos polo alumnado a final de curso, achegando unha comparativa con anos anteriores
 - . Un apartado específico onde indicar "que cambios" se aconsellan para a programación do curso seguinte. Os devanditos "reaxustes" dependerán en boa medida de:
- Ter acadado en xuño, como mínimo:

80% de obxectivos e contidos

50% de aprobados -La valoración de los Logros e indicadores de logros.

Valorar o LOGROS educativos

18. INDICADORES DE LOGROS

O logro representa o resultado que debe alcanzar o estudante ao finalizar a materia, por iso é polo que existan, tres tipos de logros, segundo o contido da aprendizaxe: Logros cognoscitivos (CONCEPTOS) Logros procedimentales (PROCEDIMENTOS) Logros actitudinais (ACTITUDES) Xa se fixo por tanto referencia a eses logros na parte de CONTIDOS .

Indicadores de logros para todos os cursos:

1. Identificar os elementos constitutivos esenciais (configuraciónsestruturais, variacións cromáticas, orientación espacial e textura) de obxectos e/ou aspectos da realidade. Con este criterio compróbase se o alumno ou a alumna é capaz de identificar as calidades que determinan o seu valor físico, funcional ou estético e de describir por medio de recursos plásticos as proporcións e as relacións de forma, cor, ritmo, textura, presentes na realidade para interpretar a obxectiva ou subxectivamente.
2. Representar obxectos e ideas de forma bi ou tridimensional aplicando técnicas gráficas e plásticas e conseguir resultados concretos en función dunhas intencións en canto aos elementos visuais (luz, sombra, textura) e de relación. Este criterio permite coñecer se o alumnado é capaz de tomar decisións especificando os obxectivos e as dificultades, propoñer diferentes opcións.
3. Diferenciar e recoñecer os procesos, técnicas, estratexias e materiais en imaxes da contorna audiovisual e multimedia. Mediante este criterio preténdese saber se o alumnado é capaz de utilizar e analizar os medios tecnolóxicos como instrumentos de expresión visual mostrando unha actitude crítica fronte ás manifestacións insolidarias, sexistas e discriminatorias tendo en conta as consecuencias e avaliar cal é a mellor solución.
4. Elaborar y participar, activamente, en proxectos de creación visual cooperativos, como producciones videográficas o plásticas de gran tamaño, aplicando las estrategias propias y adecuadas del lenguaje visual y plástico. Este criterio permite conocer si el alumnado manifiesta actitudes de respeto, tolerancia, flexibilidad e interés favoreciendo, de esta manera, la competencia social.
5. Realizar creacións plásticas seguindo o proceso de creación demostrando valores de iniciativa, creatividade e imaxinación. Mediante este criterio preténdese comprobar se o alumnado é capaz de tomar conciencia das necesidades en función dos obxectivos e de valorar, críticamente, a súa produción aceptando os propios erros como instrumento de mellora.
6. Elixir e dispoñer dos materiais máis adecuados para elaborar un produto visual e plástico en base a uns obxectivos prefijados e á autoevaluación continua do proceso de realización. Con este criterio compróbase se o alumnado é capaz de utilizar estratexias compositivas adecuadas, realizar un bo uso das técnicas e diferenciar a orixe e variacións dos elementos visuais (luz, sombra e textura) para realizar as súas propias creacións. .
7. Diferenciar os distintos estilos e tendencias das artes visuais a través do tempo e atendendo á

diversidade cultural. Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de valorar as formas e imaxes que propón o campo da arte e o nivel de interese mostrado polo estudo, análise e interpretación das mesmas.

19. RELACIÓN DA MATERIA DE PLÁSTICA COAS DIRECTRICES DA CCP

A programación do departamento segue as directrices xerais marcadas pola CCP do CPI de VEDRA na programación de materias propias do departamento.

Asdo

Rafaela Gómez-Casero Herrera

Xefa de Departamento